

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PROPOSTAS DA MATERIA DE INGLÉS – 3º DE PRIMARIA

SEMANA 23/03/20 – 27/03/20

¡IMPORTANTE ANTES DE COMEZAR! Todas as actividades débense realizar no caderno de inglés, **non fai falta imprimir nada**.

- **Ficha 1: Workstation pack healthy eating activity.**

Abrimos o documento e botamos unha ollada primeiro. Despois, facemos dous recadros no caderno, un titulado “**healthy food**” (comida saudable) e outro titulado “**unhealthy food**” (comida no saudable) tal e como se mostra no documento. Ides ver a continuación unha serie de imaxes de diferentes alimentos. O seguinte paso é clasificar esta comida segundo consideredes que sexa “healthy” ou “unhealthy”. **Para evitar a impresión, debuxade e coloreade eses alimentos en vez de imprimilos e recortalos.** Unha vez fagades o debuxo, **tendes que escribir debaixo o nome da comida (en inglés, por suposto).** Se non sabes como dicilo, busca no seguinte **dicionario en liña:** <https://www.wordreference.com/>

- **Ficha 2: Do you like conversation cards.**

Para seguir traballando o verbo de esta unidade, o verbo “**like**” (gustar), imos facer unha **actividade oral** en familia onde podedes practicar a conxugación do verbo nas formas afirmativa, negativa e pregunta/resposta. Aconsello que repases os apuntes de clase que vos din e que tendes pegados no voso caderno de inglés para a realización da actividade, así como o Pupil’s Book. Observaredes que o documento contén diferentes cartas onde aparecen distintos alimentos. Tendes que preguntar a un ou varios membros da familia, **SEMPRE EN INGLÉS** e seguindo a estrutura que aparece na segunda carta, se lles gustan ou non os alimentos mostrados. Como vedes, non é preciso imprimir nada, con ter o documento aberto para ir vendo as diferentes cartas, é suficiente.

- **Ficha 3: Healthy eating lunch activity.**

Que levarías na túa “lunchbox” (fiambreira / táper) para merendar no patio? Esta actividade consiste en que elabores a túa propia “lunchbox” empregando os alimentos que se mostran no documento. Debúxao e coloréao no teu caderno, **engadindo debaixo ou ó lado o nome en inglés** de cada comida que vas incluír na túa merenda. Recorda que debe ser unha “lunchbox” composta só por “healthy food”.